

Estimadas familias,

Dámoslle a benvida a un novo curso escolar que dará comezo o día 11.

As normas deste centro serán as seguintes:

- O alumnado transportado realizará a entrada polo portalón grande segundo vaian chegando os autobuses. Os non transportados entrarán polo portal a carón da Galiña Azul; abrirase as 8.45 e tamén poderán facelo polo portalón grande a partir das 8.45. Todo o alumnado permanecerá no patio ata que soe o timbre que se porán por cursos en ringleiras e subirán en orde. Sempre haberá profesorado de garda para controlar o patio e as entradas.
 - Nos primeiros días de colexio e debido ás obras na rúa e mentres duran estas o alumnado transportado e os que están no edificio de Educación Infantil entrarán polo portalón que está a carón do edificio de Infantil.
 - Cando soe o timbre realizarase o peche dos portais, todo isto é por motivos de seguridade, xa que o profesorado ten que acudir ás aulas e controlar as entradas. Sería moi perigoso deixar todo aberto sen vixilancia. Se algún alumno/a chega desde que estea pechado non se abre ata que os demais estean nas aulas (9.05) e deben vir acompañados coas familias e asinar en secretaría o retraso. É moi importante cumprir iso (xa pasou algún caso no que o neno/a quedou no patio sen entrar).
 - Haberá unha soa quenda de comedor. O alumnado que non faga uso deste servizo sairá ás 13.55 polo portalón grande, onde os recollerán as familias, agás os de EI dos grupos 1,4, 5 e 6 que sairán pola porta a carón do edificio de EI.
 - O alumnado que fai uso do servizo de comedor e non é transportado nin usuario do servizo lúdico-educativo sairá aproximadamente ás 14.50 h polo portal a carón da Galiña Azul.
 - É moi importante que se tiveron algún cambio de telf. ou de dirección nolo comuniquen, igualmente é moi recomendable que para casos de urxencia nos dean algún tlf. no que haxa alguén, xa que a veces temos algunha urxencia e non nos damos comunicado.
 - É importante que teñan descargado a aplicación de abalar, como saben enviamos por ese medio case todos os comunicados.
 - Recorden que se teñen algún problema non dubiden en comunícalo para poder solucionalo canto antes.
 - Nos primeiros días van ter que cubrir varias autorizacións que lles enviaremos polos seus fillos/as, por favor pregámoslle que nolas devolvan o antes posible.
- Moitas grazas pola súa comprensión e desexámoslle a todos un bo curso.

Equipo Directivo curso 2024/2025